

# **Conservatorio Profesional de Música de Carballo**

## **Programación oficial da materia de Historia da Música**

Cursos 4º e 5º do grao profesional

Curso escolar 2024 / 2025

- 1.- INTRODUCCIÓN.**
  - 2.- OBXECTIVOS.**
  - 3.- METODOLOXÍA.**
  - 4.- CONTIDOS.**
  - 5.- CONTIDOS POR CURSO.**
  - 6.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN.**
  - 7.- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.**
  - 8.- MEDIDAS DE RECUPERACIÓN.**
  - 9.- CONVOCATORIA EXTRAODINARIA DE XUÑO**
  - 10.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA.**
  - 11.- OBTENCIÓN DE MATRICULA DE HONRA.**
  - 12.- ATENCIÓN A DIVERSIDADE.**
  - 13.- ACTIVIDADES CULTURAI E DE PROMOCIÓN.**
  - 14.- DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DÁ PROGRAMACIÓN.**
  - 15.- PROCEDEMENTOS PARA A EVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO**
  - 16.- PROBAS DE ACCESO.**
- ANEXOS:**
- 17.- MODIFICACIÓNS NO CASO DE TER CLASES SEMIPRESENCIAIS**
  - 18.- MODIFICACIÓNS NO CASO DE TER CLASES ONLINE**

## **1. INTRODUCCIÓN.**

A historia da música, integrada no 4º e 5º curso do Grao Profesional, débelle descubrir ao alumnado a existencia dun amplo espectro de estilos e de modos de concibir a creación musical.

Esta disciplina debe ter un marcado enfoque práctico e utilitario: non se trata, en ningún caso, da simple enumeración de datos, obras, datas e autores que obrigue a realizar un estéril exercicio memorístico. A súa principal finalidade debe ser facerlle comprender ao alumnado que a música vai alén das pezas ou exercicios técnicos afrontados co seu instrumento día a día.

Debe presentar un amplo panorama histórico en que teñan cabida os períodos en que se adoita dividir a historia da música, e abordalos dun xeito crítico, con

consciencia de que esta é unha das maneiras de contar a historia, pero non a única posible. Por esta razón convén afondar moi especialmente nas épocas que legaron literatura musical, independentemente da existencia doutras correntes anteriores, máis propias dos estudos especializados de musicoloxía que de interese para o alumnado.

O alumnado debe aprender con claridade as características máis salientables e as circunstancias de toda índole de cada período mediante a audición de obras representativas e o contacto coas fontes existentes. Por iso, terase en conta a previa instrución cultural recibida no ensino obrigatorio, que o profesorado debe aproveitar incidindo na evolución da música como un fenómeno conectado co resto das artes, pola súa vez dependentes dos cambios operados na política, na relixión e na sociedade.

O coñecemento dun amplo espectro de estilos acentuará o seu sentido crítico; a práctica de audicións comentadas moldeará o seu gusto e permitiralle unha escoita máis artística e menos técnica; o contacto coas fontes axuda a entender a música como unha manifestación sustentada e dependente doutros factores sociais, e non como unha simple sucesión de notas. O coñecemento adquirido facilita a súa interpretación, xa que a partitura se reviste dunha nova dimensión, o que permite unha perfecta situación temporal, cultural e estilística.

Deste xeito, a materia debe abordar aspectos como os seguintes:

-Emprego de recursos bibliográficos, ferramentas de procura e consulta, e das fontes musicais que forman, en última instancia, os materiais da historia da música.

-Fontes manuscritas, xa que a práctica totalidade das obras musicais -coa excepción, quizais, das compostas nos últimos anos, existiron no seu primeiro momento como manuscritos.

-Fontes impresas, dado que o avance nas técnicas de impresión permitiu que a música alcanzase, a través da imprenta, cotas de difusión que só a internet logrou superar en tempos recentes.

- Fontes iconográficas, que conteñen unha información vital para o intérprete, silenciada noutro tipo de fontes.
- Fontes sonoras.
- Consideración do músico en diversos países e períodos.
- Evolución da notación musical, considerando o percorrido diacrónico a través das principais notacións da historia.
- Periodización da historia da música.
- Relación entre a evolución histórica dos estilos e as transformacións dos instrumentos.
- Existencia de sonoridades propias de cada período.
- Interpretación, entendida como a tradución práctica da partitura segundo o estilo, e non como unha simple execución.
- Aparición, evolución e permanencia das formas e dos xéneros musicais.

Malia a perspectiva eminentemente práctica da materia, que debe perseguir a participación activa do alumnado, a historia da música non debe desligarse, loxicamente, das bases teóricas precisas, baseadas nomeadamente nas fontes históricas.

Xa que logo, o alumnado débese familiarizar con escrituras e grafías diferentes das que ten o hábito de manexar, e iniciarse na consulta de documentos, tratados e todo tipo de fontes -escritas, iconográficas, sonoras, etc. -que lle faciliten comprender a música, desde a información e as claves creativas e culturais experimentadas polos propios compositores.

## **2. OBXECTIVOS.**

O ensino da historia da música no grao profesional terá como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- a) Adquirir o hábito de escoitar música, tanto en soportes gravados como a través da asistencia aos acontecementos musicais presentes no seu contorno, interesándose por ampliar e diversificar as súas preferencias persoais.
- b) Captar, a través da audición, as características das correntes estéticas, co fin de situar as obras musicais no tempo e recoñecer o seu estilo.

c) Coñecer e comprender a música de cada época, tendo en conta as relacións cos conceptos estéticos imperantes en cada unha, para poder aplicar as convencións interpretativas ao seu repertorio e desenvolver o seu sentido crítico.

d) Valorar a importancia da música nas sociedades humanas, a través do coñecemento das relacións establecidas ao longo da historia entre a música e o resto das artes, así como dos feitos históricos e os movementos socioculturais máis salientables de cada época, con intención de obter unha visión máis global do fenómeno musical.

e) Reflexionar sobre o fenómeno sonoro como un aspecto máis da conduta humana, intimamente conectado co proceso histórico en que se encadra en todos os seus aspectos: económicos, sociais e culturais.

### **3. METODOLOXÍA.**

Unha concepción pedagóxica moderna debe partir dunha premisa: a vocación musical dun cativo ou dunha cativa pode, en numerosísimas ocasións, quizá na maioría delas, non estar aínda claramente definida, o que exige de maneira imperativa que a suma de coñecementos teóricos que se lle deben inculcar e as inevitables horas de prácticas as que se verá sometido ou sometida, lle serán presentadas dun xeito tan atractivo e estimulante como sexa posible, para se sentiren cun verdadeiro interese na tarefa que se lles propón e desta maneira, a súa incipiente vocación se vexa reforzada.

A evolución intelectual e emocional na idade en que se realizan os estudos de grao profesional- catorce a vinte anos, aproximadamente- é moi acelerada, iso implica que as formulacións pedagóxicas, tanto no plano xeral da didáctica como no máis concreto e subxectivo da relación persoal entre profesor ou profesora e alumno ou alumna, deben adecuarse constantemente a esa realidade cambiante que é a personalidade de este último, aproveitar ao máximo a gran receptividade que é característica da idade favorecer o desenvolvemento dos seus dotes innatos, estimular a maduración da súa afectividade e, simultaneamente, pór ao seu alcance os medios que lle permitan exercer a súa crecente capacidade de abstracción.

A música, como toda linguaxe, faise intelixible a través dun proceso máis ou menos dilatado de familiarización que comeza na primeira infancia, moito antes de que o alumno estea na idade e as condicións precisas para iniciar estudos especializados de grao elemental. Cando chega ese momento, o alumno, impregnado da música que enche sempre o seu ámbito, aprendeu xa a recoñecer pola vía intuitiva os elementos desa linguaxe; posúe, en certo modo, as claves que lle permiten «entendelo», aínda cando descoñeza as leis que o rexen. Pero élle preciso posuír os medios para poder falalo, e son estes medios os que ha de proporcionarlle o ensino do grao elemental.

Xunto ao adestramento no manexo dos recursos do instrumento elixido -iso que de xeito máis ou menos apropiado chamamos «técnica»- é necesario encamiñar a conciencia do alumno cara a unha comprensión máis profunda do fenómeno musical e das esixencias que formula a súa interpretación, e para iso hai que comezar a facelo observar os elementos sintácticos sobre os que repousa toda estrutura musical, mesmo nas súas manifestacións máis simples, e que a interpretación, en todos os seus aspectos, expresivos ou morfolóxicos (dinámica, agógica, percepción da unidade dos diferentes compoñentes, formais e da totalidade deles, é dicir, da forma global) está funcionalmente ligada a esa estrutura sintáctica. Esta elemental «gramática» musical non é senón a aplicación concreta ao repertorio de obras que compoñen o programa que o alumno debe realizar dos coñecementos teóricos adquiridos, noutras disciplinas

- Linguaxe musical, fundamentalmente-, coñecementos que haberán de ser ampliados e afondados no grao medio, mediante o estudo das materias correspondentes.

Neste sentido, é necesario, por non dicir imprescindible, que o instrumentista aprenda a valorar a importancia que a memoria -o desenvolvemento desa esencial facultade intelectual- ten na súa formación como mero executante e, máis aínda, como intérprete. Convén sinalar que á marxe desa básica memoria subconsciente constituída pola inmensa e complexísima rede de accións reflexas, de automatismos, sen os cales a execución instrumental sería simplemente impensable, en primeiro lugar solo está sabido aquilo que se pode recordar en todo momento; e en segundo lugar a memorización é un excelente

auxiliar no estudio, por canto, entre outras vantaxes, pode supoñer un considerable aforro de tempo e permite desentenderse en certo momento da partitura para centrar toda a atención na correcta solución dos problemas técnicos e nunha realización musical expresiva válida e, por último, a memoria xoga un papel de primordial importancia na comprensión unitaria, global, dunha obra, xa que ao desenvolverse esta no tempo, só a memoria permite reconstruír a coherencia e a unidade do seu devir.

Para acadar estes obxectivos, o instrumentista ou a instrumentista debe chegar a desenvolver as capacidades específicas que lles permitan alcanzar a máximo dominio das posibilidades de toda orde que lles brinda o instrumento sa súa elección e sortear constantemente o perigo de que as devanditas capacidades queden reducidas a unha simple exercitación ximnástica.

Debemos ser capaces de ilusionar aos nosos alumnos, de conseguir que constrúan un proxecto persoal que os motive. Sen un aliciente así, sen uns obxectivos claros e un coñecemento claro do proceso a desenvolver, ao alumno resultarlle máis dificultoso avanzar. Tendo en conta a cantidade de tempo que na nosa formación dedicamos a desenvolver a memoria psicomotriz, que fundamenta as cuestións técnicas para a automatización de movementos e procesos, perder a perspectiva do fin ou meta perseguido é moi fácil, polo que unha das tarefas do docente será recordar e reforzar permanentemente esta visión xeral e de futuro que debe posuír o alumno para avanzar. Isto leva a súa implicación e compromiso.

A necesidade de adaptación física da propia constitución corporal ás peculiaridades dos distintos instrumentos, fai que os estudos musicais deban ser iniciados a idades temperás. A longa traxectoria formativa consecuenta á dificultade destes estudos obriga a unha forzosa simultaneidade dos mesmos cos correspondentes ao ensino obrigatorio e bacharelato; iso fai aconsellable que os procesos educativos de ambos os tipos de ensino sigan os mesmos principios de actividade **construtiva** como factor decisivo na realización da aprendizaxe que, en último termo, é construído polo propio alumno, modificando e reelaborando os seus esquemas de coñecemento.

Nun **currículo aberto**, os métodos de ensino son en ampla medida responsabilidade do profesor, e non deben ser completamente desenvolvidos pola autoridade educativa. Unicamente na medida en que certos principios pedagóxicos son esenciais á noción e contidos do currículo que se establece, está xustificado sinalalos. Por iso, coa finalidade de regular a práctica docente dos profesores e para desenvolver o currículo establecido, sinálanse os seguintes principios metodolóxicos de carácter xeral, principios que son válidos para todas as especialidades instrumentais e materias que se regulan na presente norma.

A interpretación musical, meta dos ensinos instrumentais é, por definición, un feito diverso, profundamente subxectivo, en cuxo resultado sonoro final fúndense en unidade indisoluble a mensaxe do creador contido na obra e o persoal xeito de transmitilo do intérprete, que fai seu esa mensaxe modulando a través da súa propia sensibilidade. Como en toda tarefa educativa, é o desenvolvemento da personalidade e a sensibilidade propias do alumno o fin último que se persegue aquí, de xeito tanto máis acusada canto que a música é, ante todo, vehículo de expresión de emocións e non de comunicación conceptual, no que o subxectivo ocupa, por conseguinte, un lugar primordial.

Ao longo dun proceso de aprendizaxe desta índole, o profesor ha de ser máis que nunca un **guía**, un conselleiro, que á vez que dá solucións concretas a problemas ou dificultades igualmente concretos, debe, en todo aquilo que teña un carácter máis xeral, esforzarse en dar opcións e non en impor criterios, en orientar e non en conducir como da man cara a uns resultados predeterminados, e en estimular e ensanchar a receptividade e a capacidade de resposta do alumno ante o feito artístico

Unha **Programación aberta**, nada ríxida, faise imprescindible en materias como esta; os centros, e dentro deles os profesores, deben establecer Programacións o bastante flexibles como para que, atendendo ao incremento progresivo da capacidade de execución (ao incremento da técnica), sexa posible adaptalas ás características e ás necesidades de cada alumno individual, tratando de desenvolver as súas posibilidades tanto como de suplir as súas carencias. metodoloxía a seguir:



- *Activa*: na que o alumno é o protagonista da súa propia aprendizaxe, observando, e experimentando en por si.
  - *Individualizada*: Adaptarase a cada alumno en particular , aos seus intereses e necesidades. Hai que ter presente que cada alumno ten un ritmo de aprendizaxe diferente e unhas capacidades particulares que lle fan distinto a todos os demais.
- Debe concederse á programación, xa que logo, unha marxe de flexibilidade para adaptarse a cada caso co obxecto de sacarlle o máximo aproveitamento. Neste sentido orientaríanse as propostas didácticas encamiñadas a atender a diversidade.
- *Participativa*: O alumno participa activamente no proceso de ensino aprendizaxe, construíndo os seus propios coñecementos.
  - *Progresiva*: porque vai do fácil o máis complicado.
  - *Integradora*: relaciona todos os coñecementos nunha mesma dirección, o desenvolvemento musical do alumno.
  - *Motivadora*: capta o interese do alumno e anímalle a aprender.
  - *Flexible*: adáptase á diversidade de ritmos de aprendizaxe dos alumnos.

#### **4. CONTIDOS**

- A música como feito social e cultural. Introducción ás fontes de información histórica e á súa utilización (recursos bibliográficos, fontes escritas, iconográficas, sonoras, etc.).
- A música na cultura occidental: formas e xéneros musicais, períodos, estilos, Compositores, instrumentos, etc.
- Situación da obra musical no seu contexto social, económico, ideolóxico, histórico e artístico.
- A evolución da notación.
- Aproximación á organoloxía e á evolución dos instrumentos como condicionante das posibilidades técnico- interpretativas e da propia composición do repertorio.
- Aproximación crítica á periodización da historia da música.
- Planificación e realización de traballos prácticos de aproximación histórica e análise.

- Comentario de texto literario musical. Audicións analíticas, con ou sen partitura Asociada.
- Análise iconográfica.
- Interese por ampliar e diversificar os gustos musicais.
- Actitude aberta e respectuosa ante os gustos e as opinións dos demais.
- Emprego dun vocabulario técnico e xeral axeitado.

## **5. CONTIDOS POR CURSO.**

### *- Curso 4º: HISTORIA DA MÚSICA I*

Tema 1.- INTRODUCCIÓN Á HISTORIA DA MÚSICA

Tema 2.- A IDADE MEDIA

Tema 3.- O CANTO LITÚRXCICO CRISTIANO DO MEDIEVO

Tema 4.- A MONODÍA PROFANA DO MEDIEVO

Tema 5.- A MONODÍA DO MEDIEVO NA PENÍNSULA IBÉRICA

Tema 6.- AS ORIXES DA POLIFONÍA

Tema 7.- ARS ANTIQUA E ARS NOVA

Tema 8.- A MÚSICA NO RENACEMENTO

Tema 9.- O SÉCULO XVII

Tema 10.- O BARROCO TARDÍO.

### *- Curso 5º: HISTORIA DA MÚSICA II*

Tema 1.- OS ESTILOS PRECLÁSICOS.

Tema 2.- O CLASICISMO MUSICAL.

Tema 3.- A TRANSICIÓN ENTRE O CLASICISMO E O ROMANTICISMO.  
LUDWIG VAN BEETHOVEN.

Tema 4.- O ROMANTICISMO TEMPRANO

Tema 5.- O ROMANTICISMO MEDIO

Tema 6.- O ROMANTICISMO TARDÍO

Tema 7.- O POSTROMANTICISMO.

Tema 8.- O IMPRESIONISMO

Tema 9.- O NEOCLASICISMO

Tema 10.- A MÚSICA NACIONALISTA DA PRIMEIRA MITADE DO S.XX.

Tema 11.- O DODECAFONISMO E O SERIALISMO

Tema 12.- O JAZZ

Tema 13.- A MÚSICA A PARTIR DE 1945.

## **6. CRITERIOS DE AVALIACION.**

Avaliación continua con un exame trimestral tendo en conta os seguintes criterios:

- Identificar, a través da audición, obras de diversas épocas e describir as súas características máis salientables.
- Identificar, a través da audición de obras de diversas épocas e estilos, con ou sen partitura, os trazos esenciais dos períodos históricos estilísticos.
- Comentar, a través da análise, exemplos iconográficos representativos de diversos períodos históricos con situacións musicais.
- Realizar un comentario crítico a partir da audición dunha obra determinada, empregando un léxico axeitado.
- Situar cronoloxicamente e comparar obras musicais de similares características representativas dos principais estilos ou escolas, e sinalar semellanzas e diferenzas entre elas, por medio da audición e/ou a análise.
- Relacionar a historia da música coa doutros aspectos da cultura e do pensamento.
- Identificar as circunstancias de todo tipo -políticas, culturais, económicas, ideolóxicas, sociais, artísticas, etc.-que poidan incidir no desenvolvemento evolutivo de cada época, estilo ou autor máis representativos da historia da música occidental.
- Realizar comentarios de texto relativos á materia, sexan históricos, estilísticos ou doutro campo.
- Realizar un traballo sobre algún aspecto tratado na materia, empregando os recursos dispoñibles de xeito coherente i eficaz.

## **7. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN.**

- Avaliación inicial: O profesor poderá realizar unha ou varias probas para identificar o nivel inicial do alumno.

- A avaliación continua: O profesor realizará un seguimento persoal do alumno na aula, consistente na observación dos avances do alumno mediante o seu traballo na aula e na casa, así como a realización das probas necesarias para comprobar que tanto contidos como obxectivos estanse a acadar adecuadamente. O final de cada trimestre o alumno realizará unha proba consistente en:

-Dúas audición de obras da época correspondente, para a súa identificación, datación e comentario de todos os aspectos que se consideren necesarios. (40% da nota ).

-Dúas preguntas teóricas. (40% da nota).

- Asistencia a clases e actitude ante a materia. (20% da nota).

No caso da perda da avaliación continua (catro faltas de asistencia) o alumnado perderá o dereito as probas obxectivas trimestrais e deberá realizar unha proba única a finais de maio ou primeiros de xuño, das mesmas características que a anterior.

## **8. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN.**

O alumno que acumule catro faltas sen xustificar, someterase a un exame en maio cos mesmos criterios de avaliación seguidos ó longo do curso.

## **9. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE XUÑO.**

En xuño o alumno realizará un exame no que deberá mostrar que ten superados os obxectivos e contidos do correspondente curso. Os criterios de avaliación serán os mesmos que os indicados para o curso.

## **10. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA**

A ampliación de matrícula no 3º curso do grao profesional na materia de Historia da música, será avaliado positivamente se supera coa nota mínima de 5, unha proba obxectiva realizada antes do 30 de Novembro (prazo para realizar esta solicitude). Esta proba consistirá en:

- Dúas audicións de obras da época correspondente, para a súa identificación, datación e comentario de todos os aspectos que se consideren necesarios. (40% da nota ).
- Dúas preguntas teóricas. (30% da nota).
- Comentario de un texto, representación iconográfica ou partitura. (30% da nota).

## **11. OBTENCIÓN DE MATRÍCULA DE HONRA**

A orde do 10 de Marzo de 2009 con data de disposición 10/03/2009 e, data de publicación 18/03/2009, regula o procedemento para a obtención de matrícula de honra e premios de fin de grao nas ensinanzas de música e danza.

A matrícula de honra poderase conceder ó alumnado matriculado en calquera curso das ensinanzas profesionais de música ou danza que acaden a calificación de 9 en calquera das materias reguladas polo Decreto 203/2007, do 27 de Setembro, e polo Decreto 204/2007, do 11 de Outubro.

Concesión de matrículas de honra:

- a) O número de matrículas de honra non poderá superar o 10% do alumnado matriculado no curso.
- b) As matrículas de honra serán propostas polo departamento correspondente, a instancia do profesorado que imparte a materia de Historia da Música.
- c) As propostas do departamento elevaranse á Comisión de Coordinación Pedagóxica, que levantará acta dos acordos tomados e da concesión das matrículas de honra.

## **12. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

Durante o proceso de ensino-aprendizaxe é preciso ofrecer respostas diferenciadas en función da diversidade do alumnado na materia de Historia da música ao impartirse colectivamente será inevitable integrar discentes con diferencias entre eles, de nivel, de motivación, de idade...

Por estas razóns no desenvolvemento das unidades didácticas realizadas polo profesorado, poderán adaptarse ou engadirse as actividades que se consideren

oportunas para esta atención individualizada dentro do grupo, sexan como reforzo ou ben como ampliación.

O profesorado apoiará todo o posible ao alumnado que máis o necesite, iso si, sen prexudicar o normal desenvolvemento do curso e da realización do currículo. Nalgúns casos serán convenientes traballos de reforzo ou de ampliación, e deberá proporcionárselle o material necesario.

Se algún membro do alumnado necesitase un apoio educativo maior, deberá búscalo mediante as titorías.

### **13. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN**

Tendo en conta as características da materia de historia da música, e o seu lugar dentro do currículo do alumnado, o departamento procurará a realización de actividades culturais e de promoción da materia como audicións, asistencia a concertos, museos e outras posibles actividades relacionadas coa materia.

### **14. DESENVOLVEMENTO E RESULTADOS DA PROGRAMACIÓN**

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, os profesores revisarán de xeito permanente o grao de cumprimento desta programación así como os resultados académicos dos alumnos, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos, como as características individuais de cada un dos alumnos: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado, condicións, capacidades, etc.

O profesor informará ós alumnos e ós seus pais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución. Así mesmo, tentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno.

### **15. PROCEDEMENTOS PARA A EVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO**

As reunións do departamento son o foro onde se realizará de forma permanente, a avaliación interna das estratexias metodolóxicas do departamento, valorando o grao de cumprimento da programación, os resultados académicos, os resultados artísticos etc.

Todo iso, tendo en conta a idiosincrasia propia das materias do departamento e en concreto a de historia da música, así como a individualidade de cada un dos alumnos: o seu grao de compromiso co estudo, facultades, talento, esforzo, interese no estudo, etc.

Comentásense regularmente os resultados globais de cada avaliación en calquera cuestión que os membros do departamento consideren oportuna.

Trasladaranse á comisión de coordinación pedagóxica os puntos que os profesores

estimen necesarios. Finalmente revisaranse as porcentaxes finais de aprobados e suspensos e unificando criterios para obter un óptimo desenvolvemento musical, artístico e instrumental dos alumnos.

Por outra banda, dentro desta avaliación interna, terase en conta e de forma moi destacada, os medios físicos e humanos cos que conta o departamento: material impreso: partituras, libros de consulta, revistas especializadas, instrumentos e o seu estado, ordenadores, equipos de audio, software, mobiliario adecuado, orzamento para actividades, cursos, clases maxistras, dispoñibilidade de aulas para clases de apoio, número de profesores axeitado en relación coa demanda, cursos de formación específicos para o profesorado e flexibilidade para a súa reciclaxe, flexibilidade para a realización de proxectos artísticos por parte dos profesores etc. ... En definitiva os medios básicos para alcanzar un ensino profesional de calidade, e que permita aos profesores e alumnos levar a cabo, de forma real os obxectivos que a programación expón soamente de forma teórica.

## **16. PRBAS DE ACCESO**

### **PROBA DE ACCESO A 5º DO GRAO PROFESIONAL**

A proba de acceso consistirá en:

- Unha audición de unha obra da época correspondente, para a súa identificación, datación e comentario de tódolos aspectos que se consideren necesarios. (40% da nota ).
- Dúas preguntas teóricas. (30% da nota).

- Comentario de un texto, representación iconográfica ou partitura. (30% da nota).

#### PROBA DE ACCESO A 6º DO GRAO PROFESIONAL

A proba de acceso consistirá en:

- Unha audición de unha obra da época correspondente, para a súa identificación, datación e comentario de tódolos aspectos que se consideren necesarios. (40% da nota ).
- Dúas preguntas teóricas. (30% da nota).
- Comentario de un texto, representación iconográfica ou partitura. (30% da nota)

**En Carballo, a 16 de xullo de 2024.-**